

PROCESAMENTO ANALÍTICO

Na Unidade de Procesamento Analítico lévanse a cabo as seguintes tarefas asistenciais:

SEROLOXÍA DE ENFERMIDADES TRANSMISIBLES

Realízase o estudo serolóxico das seguintes probas obrigatorias HBsAg, HIV-Ac HIV-Ag, HCV-Ac; completado co cribado de anticorpos fronte a Treponema Pálidum (test serolóxico de Sífilis). A aqueles doantes que a través da entrevista predonación o médico considera que presentan risco de enfermidades como Malaria ou Chagas (pola súa procedencia, viaxes...), completárase o estudo con probas de enzimoimunoanálisis para Malaria e de quimioluminiscencia para Chagas. Se existise risco para virus linfotropos humanos (HTLV I/II), realizaríase un test adicional de cribado de anticorpos sobre mostra illada (sen doazón) ou sobre mostra piloto da doazón se esta se produciu.

TIPAXE ABO / D

Realízase o estudo de grupo ABO hemático e sérico; así como estudo Rh (D e CDE) e débil a mostrase Rh-D negativas.

ESCRUTINIO DE ANTICORPOS IRREGULARES

É unha proba obrigatoria só en dous supostos: que o doante (home ou muller) recibise no pasado unha transfusión, ou que a doante tivese embarazos.

HEMATOLOXÍA

Realízase un hemograma mediante autoanalizadores hematolóxicos, deste xeito facemos recontos das tres grandes series de elementos celulares do sangue (leucocitos, plaquetas, glóbulos vermello) e doutros parámetros como a hemoglobina, o hematocrito ou os parámetros corpusculares (VCM). Estes resultados seránlle comunicados ao doante a través do correo de agradecemento.

OUTRAS PROBAS

O laboratorio completa a súa actividade con outras probas non obrigatorias, como perfil bioquímico aos doantes de Aférese (Proteínas totais, Albúmina e Inmunoglobulinas), fenotipos eritrocitarios doutros sistemas de grupo, estudos inmunohematolóxicos a doantes e pacientes.